

AS INVASIÓNS BÁRBARAS



Tít. orixinal: *Les invasions barbares*

Ano: 2003

Duración: 99 min.

País: Canadá

Dirección: Denys Arcand

Guión: Denys Arcand

Música: Pierre Aviat

Fotografía: Guy Defaux

Reparto: Rémy Girard, Stéphane Rousseau, Marie-Josée Croze, Dorothee Berryman, Louise Portal, Dominique Michel, Yves Jacques

Productora: coproducción Canadá-Francia

Xénero: comedia dramática

Non recomendada para menores de 13 anos

Sinopse: Un home cun cancro avanzado ten dificultades para aceptar a realidade da súa inminente morte e atopar un momento de paz antes do final, especialmente porque lamenta certos aspectos do seu pasado. O seu fillo – co que se distanciara –, a súa exmuller, escamantes e vellos amigos irán a reunirse con el para compartir os seus derradeiros momentos.

Crítica

por Juan Zapater (tomado de <http://www.golem.es/>)



Non é cuestión de dilucidar si os bárbaros e as súas escaramuzas provocaron o declive do Imperio Romano ou si foi precisamente a decadencia de Roma a que permitiu e alimentou a victoria das hordas bárbaras. No caso de Denys Arcand a dúbida non existe, porque é evidente que *As invasions bárbaras* (2003) fíxose posible grazas a *O declive do Imperio Americano* (1986). De feito, é consecuencia del, del emana e con el conforma un díptico articulado por un salto temporal de 17 anos. Para quen viron e lembran a filme de 1986, enfrontarse cos mesmos actores e as mesmas personaxes ofrece o atractivo do reencontro, o resaibo da nostalgia, o escozor da melancolía e o pracer de asistir a un texto fílmico adulto, suxerinte e cinicamente emotivo. Para quen non sabe de *O declive do Imperio*

Americano, *As invasions bárbaras* non só non carecerán de sentido senón que incluso é probable que lles fomente a curiosidade por recuperar as raíces de Louise, Dominique, Pierre, Claude... un heterodoxo grupo de amigos que se reencontran ante a grave enfermidade que morde a Rémy, sen dúbida o máis locuaz, o máis iconoclasta, o máis vital de todo este grupo de superviventes do naufraxio da contracultura.

Os sucesos emblematizan o tempo histórico pero non ensinan as claves da Historia, esa hai que arrincala a unha realidade máis confusa canto máis informada. Así que esas "invasións bárbaras" ás que alude o título apenas se insinúan nun relato que anque non renuncia a realizar a autopsia ao hoxe e ó agora, deixa a socioloxía para o xogo retórico e céntrase nos individuos ós que nesta cinta se concita. Porque diso se trata, de concitar, de atraer a unhas personaxes contra si mesmas, iso é o que se fai en *As invasions bárbaras*. Alí, nun hospital onde o estrondo dun reencontro, pais e fillos, amigos e amigas, amantes e excónyuges, dissolve o rumor de fondo dunha sociedade non xa en declive senón cos principios da putrefacción en marcha, Arcand esboza unha cerimonia triste.

Pero esa tristura non arrinca da enfermidade terminal que devora a Rémy senón do cancro social que canibaliza o seu marco de referencia. Si temos que mirar pausados o que *As invasions bárbaras* propón, haberá que distanciarse. Afastarse para non sentirse ferido pola

devacle non do imperio senón de quen soñou con facelo máis habitable, máis xusto, máis solidario, máis humano. A Arcand non lle treme o pulso á hora de amosar o efecto de *As invasións bárbaras* nese grupo de "senadores" cultos, razoablemente prósperos e queixosos da decadencia da súa sociedade rica. No seu caso, a tribo bárbara que máis lles atacou é a idade, o envellecemento, o esgotamento e a desilusión. O grupo de amigos que compartía confabulacións de salón e coherencia persoal en *O declive* agora atópase desparramado, desorientado, individualizado.

Todo comeza coa chamada de Louise, exesposa de Rémy, ó fillo de ambos, Sébastien. A mensaxe é clara, o vello patriarca agoniza e el, o fillo pródigo, o que avergoña ó seu pai porque se converteu nun hábil especulador financeiro, un capitalista, o fracaso dun socialista de "boa vida", volve a casa porque... a súa nai o necesita. Arcand fortifica en apenas 90 minutos máis material candente que a metade do cine de Hollywood nunha década. Sen aparentalo e sen abafar, a película ofrece densidade, palpa fonduras que molestan e sementa toda a filme con xestos, chiscas, actitudes e respostas que cando menos provocan controversia, perturban porque rozan, acongojan porque arrincan a pel e, para máis INRI, non propician agarradoira algunha. Estas invasións bárbaras arrasan non os fundamentos do imperio senón as esperanzas de quen confiaban en mellorar as regulamentos, en cambiar o xogo.



Non de balde a etapa final de Rémy cuberta, no persoal, con dignidade, emotividade e ata ledicia a salva os cartos co que o seu fillo compra todo o comprable: é dicir case todo. Eses cartos, o dólar, que Rémy repudia como símbolo do que non desexa, transfórmase no verdadeiro motor que endulza a súa viaxe postreira. Con cartos Sébastien move persoas, consegue alivio á dor do seu pai, corrompe a funcionarios para obter vantaxes e recupera algo de si mesmo. Pero Arcand, un peso pesado pola forza da

súa pegada, pola enxundia do seu pensamento, non reduce todo a eso, ó contrario. Da respiro ás súas personaxes, ás que sen dúbida quere – doutro xeito dificilmente os volvería a chamar – e esboza un vibrante *tutti* final no que cada un atopa espazo para a súa propia reconciliación. Incluso nesa fileira de jeringuillas preparadas para conceder o gran descanso, Arcand alimenta a esperanza. A esperanza de practicar a coherencia persoal, a piedade, o afecto e a tolerancia nun tempo de derrube, nun tempo de cultura bárbara, de cultura cruel si é que cruel e cultura poden converxer xuntas en viaxe algunha.